



Concello de Vilalba

Decreto de S. S^a a alcaldesa Dna. María Elba Veleiro Fernández.

ASUNTO.- Apertura de prazo para a solicitude de praza no servizo Madrugadores durante o curso 2020-2021. Expte 3487/2021.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2021, aprobou o establecemento do Servizo Madrugadores nos centros educativos de Infantil e Primaria do concello de Vilalba, así como a **Memoria Xustificativa** deste servizo e inicialmente o **Regulamento do Servizo de Madrugadores**.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 7 de agosto de 2021 publicase o Anuncio no que se someten ambos documentos a información pública por un prazo de 30 días hábiles, que concluirá o vindeiro 21 de setembro, e que o Regulamento será elevado a definitivo de non producirse reclamacións ou suxerencias no prazo establecido, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Visto así mesmo, que conforme ao establecido no artigo 133 de Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con data 30 de xullo de 2021, as ANPAS do CEIP Ínsua Bermúdez, Mato Vizoso e Escola de Educación Infantil foron notificadas da exposición pública de ditos documentos.

Vista a necesidade das familias vilalbesas con menores matriculados nos Centros Educativos onde se vai a desenvolver o servizo Madrugadores de conciliar a súa vida familiar e laboral e visto, así mesmo, o inminente comenzo do curso escolar 2021-2022.

Visto que o artigo 9 do Regulamento establece que para o curso 2021-2022 se publicará o prazo de presentación de solicitudes.

Visto que as solicitudes serán valoradas conforme ao establecido no Anexo III do Regulamento do servizo e se fará unha proposta provisional que será elevada a definitiva unha vez que o Regulamento sexa elevado a definitivo e entre en vigor.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do art.10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, **resolvo:**

Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, a cal foi delegada por Decreto de Alcaldía número 375 de 2 de xullo de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 79X9JSMNXZXTD3W3X5CEP33PA | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 1 de 2



Concello de Vilalba

Segundo.- Abrir o prazo de solicitude de praza no Servizo Madrugadores para o curso 2021-2022, que comprenderá dende o día **8 ao 15 de setembro de 2021**, ámbolos dous incluídos.

Terceiro.- As solicitudes (Anexo II) xunto coa documentación requirida, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba ou a través da Sede Electrónica.

Cuarto.- Elevar a definitivas as solicitudes presentadas e baremadas conforme ao establecido no Anexo III unha vez que o Regulamento do Servizo entre en vigor.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación.

Sexto.- Dar conta deste decreto, a Xunta de Goberno Local e ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola alcaldesa M^a Elba Veleiro Fernández, do que eu, secretaria municipal, Ana María Rubiera Álvarez, dou fe.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 79X9JSMNXZXTD3W3X5CEP33PA | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 2 de 2